

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Decreto 117/2006, do 13 de xullo, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2006/2007.

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro (BOE do 24 de decembro), de universidades, establece no seu artigo 81.3º b) que lle corresponde á comunidade autónoma fixar as taxas académicas polos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario, dentro dos límites que a nivel estatal estableza o Consello de Coordinación Universitaria do MEC. Para os restantes estudos serán fixados polo Consello Social, artigo 81.3º c) da respectiva universidade, e de acordo co disposto na Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia, no seu artigo 4 e).

A Lei 8/1989, do 13 de abril (BOE do 15 de abril), de taxas e prezos públicos, outórgalle ás referidas taxas a consideración de prezos públicos. Pola súa parte a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 43 que se entende por prezos públicos.

Neste contexto normativo, este decreto fixa os importes que pagará o alumnado polos estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez nacional no ensino universitario, dentro dos límites que fixe o Consello de Coordinación Universitaria, que este ano, na sesión das súas comisións mixta e de coordinación, celebradas o 30 de maio de 2006 (BOE nº 138, do 10 de xuño), fixou, para o curso 2006-2007, o límite mínimo de aumento dos prezos académicos e demais dereitos polos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais na porcentaxe de incremento do IPC, definido no período que vai do 30 de abril de 2005 ao 30 de abril de 2006, e o límite máximo no IPC incrementado en 4 puntos. Os prezos públicos dos novos estudos universitarios de posgrao regulados polo Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, modificado polo Real decreto 1509/2005, do 16 de decembro, estableceranse entre 13 e 28 euros o crédito. Excepcionalmente as comunidades autónomas poderán modificar o límite superior ata un máximo equivalente ao 30% do custo.

Tendo en conta as previsións macroeconómicas xerais para Galicia, e a distinción entre ensinanzas renovadas e non renovadas, así como a diferenza entre o prezo da 1ª e 2ª matrícula fronte ao prezo da 3ª e sucesivas matrículas (Decreto 263/1993, do 28 de outubro), e ao abeiro do establecido no artigo 47 da Lei de Galicia 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, cómpre fixar os prezos correspondentes ao ano académico 2006-2007 polos estudos universitarios conducentes a títulos oficiais, incrementando os prezos do curso pasado na contía correspondente á suba do IPC estatal determinado entre o 30 de abril de 2005 e o 30 de abril de 2006 máis 1,1 puntos (é dicir, o 5%).

Por todo o que antecede, en virtude das atribucións que me confire a Lei 11/1988, do 20 de outubro, de reforma da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, por proposta da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, co informe do Consello Galego de Universidades e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trece de xullo de dous mil seis,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Ámbito de aplicación.

1. Os prezos que se pagarán no curso 2006/2007 polos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no sistema universitario de Galicia, serán os establecidos segundo as normas deste decreto na contía que se sinala no anexo.

2. O importe dos prezos por estudos conducentes a títulos ou diplomas que non teñan carácter oficial será fixado nas universidades galegas polo seu respectivo Consello Social, de conformidade co establecido no artigo 81.3º c) da Lei orgánica 6/2001, de universidades e a Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia, no seu artigo 4 e).

Artigo 2º.-Modalidades de matrícula.

1. Ensinanzas non renovadas. Os prezos públicos establecidos no punto 1.1 da tarifa primeira do anexo deste decreto poderán aboarse por curso completo ou por materias. As materias poderán ser anuais ou cuadrimestrais, de acordo co establecido pola universidade, en función do número de horas lectivas que figure nos plans de estudos. O importe do prezo aplicable para as materias cuadrimestrais será a metade do establecido para as anuais.

2. Ensinanzas renovadas. No caso de ensinanzas renovadas os prezos públicos establecidos no punto 1.2 da tarifa primeira do anexo deste decreto poderán aboarse por curso completo ou por materias. Neste último caso, o importe das materias calcularase de conformidade co número de créditos asignado a cada unha delas e o prezo establecido para o crédito.

3. Cando un alumno/a se matricule nunha mesma materia ou disciplina por terceira ou posteriores veces, o importe correspondente á devandita disciplina verase incrementado nun 25%.

Artigo 3º.-Matrícula de materias soltas.

1. O alumnado poderá matricularse de materias soltas con independencia do curso a que estas correspondan, excepto cando se establezan incompatibilidades académicas pola universidade.

2. O importe do prezo establecido para cada disciplina solta será diferente segundo que o curso ao que corresponda estea constituído por menos de sete materias anuais ou por sete ou máis materias anuais. Para estes efectos unha disciplina anual será equivalente a dúas cuadrimestrais.

3. O exercicio do dereito de matrícula establecido no parágrafo anterior non obrigará a modificación do réxime de horarios xerais determinados en cada centro de acordo coas necesidades dos seus plans de estudo.

4. Non obstante o establecido nos artigos anteriores, o alumnado que empece os seus estudos de ensinanzas renovadas ou non renovadas, deberá matricularse do

primeiro curso completo, coa excepción dos casos en que sexan validadas materias do dito primeiro curso.

Artigo 4º.-Matrícula en créditos de libre elección.

Os créditos correspondentes a libre elección serán aboados de acordo coa tarifa establecida para a titulación que se pretende obter, con independencia do departamento ou centro onde se cursen os ditos créditos.

Artigo 5º.-Programas oficiais de posgrao.

Os prezos que haberá que aboar pola matrícula en másters oficiais son os que figuran na tarifa primeira do anexo. Excepcionalmente, naqueles másters que requiran custos moi elevados para o seu desenvolvemento, a comunidade autónoma poderá autorizar un incremento de ata un máximo do 30% do custo do máster, logo de informe que xustifique a excepcionalidade.

A liquidación dos prezos farase en función do número de créditos nos que se realice a matrícula. As universidades poderán establecer un número mínimo de créditos para a formalización da matrícula, así como estruturala por módulos ou por materias.

Artigo 6º.-Pagamento dos prezos públicos.

As universidades galegas, na resolución reitoral na que se establezan os prazos de matriculación do alumnado, fixarán os prazos correspondentes para efectuar a liquidación e o pagamento dos prezos públicos universitarios e máis o seu fraccionamento, de ser o caso.

O feito de non facer efectivo o pagamento dos prezos públicos universitarios ou de calquera dos seus fraccionamentos nos prazos establecidos na resolución reitoral, poderá comportar a suspensión temporal dos dereitos do alumnado, sen prexuízo da exixencia dos importes correspondentes polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do obrigado ao pagamento, consonte coa normativa vixente.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, as universidades exixirán o pagamento das cantidades pendentes por matrículas de cursos académicos anteriores, como condición previa de matrícula ou de expedición de títulos ou certificados.

Artigo 7º.-Centros adscritos.

O alumnado dos centros adscritos aboaralle á universidade, en concepto de expediente académico e de proba de avaliación, o 25% dos prezos establecidos na tarifa primeira do anexo, sen prexuízo do establecido no correspondente convenio. Os demais prezos aboaranse na contía íntegra prevista.

Artigo 8º.-Adaptación a novos plans de estudo, validación de estudos e acreditación de competencias nos programas oficiais de posgrao.

1. A adaptación de estudos é o acto administrativo polo que se lle reconece validez académica aos estudos conducentes á obtención dunha mesma titulación oficial e cursados consonte un plan de estudos. Esta adaptación será gratuíta se provén de centros públicos. No caso de centros non públicos ou centros estranxeiros, aboaráse á universidade o 25% dos prezos establecidos na tarifa primeira do anexo.

2. A validación de estudos é o acto administrativo polo que se lles reconece validez académica aos estudos conducentes á obtención doutra titulación oficial distinta á cursada, debendo aboar sempre á universidade o 25% dos prezos establecidos na tarifa primeira do anexo.

3. Nos programas oficiais de posgrao, os prezos que se van aboar pola acreditación de competencias serán o 25% dos prezos establecidos no anexo.

Artigo 9º.-Bolsas.

De conformidade co establecido no artigo 3.1º do Real decreto 2298/1983, do 28 de xullo (BOE do 27 de agosto), polo que se regula o sistema de bolsas e outras axudas ao estudo de carácter personalizado, o alumnado que reciba unha bolsa de estudos con cargo aos orzamentos xerais do Estado non estará obrigado a pagar o prezo polos servizos académicos.

O alumnado que, no momento de formalizar a matrícula, tivese solicitada a concesión dunha das bolsas de estudos xerais convocadas polo MEC, deberá liquidar a contía total do prezo público e solicitar a exención do seu pagamento. O ingreso do prezo público liquidado quedará en suspenso ata o momento no que se produza a notificación ou a publicación da concesión ou denegación da bolsa. No primeiro caso, a exención producirá os seus efectos desde a data da solicitude. No caso de denegación, a súa notificación abrirá o prazo de ingreso en voluntaria do prezo público liquidado, nos prazos establecidos na resolución reitoral. Se transcorrido este período, a débeda non se fixese efectiva, exixirase polo procedemento de constrinximento, de acordo coa normativa vixente.

Artigo 10º.-Matrículas de honra.

As bonificacións correspondentes á aplicación dunha ou varias matrículas de honra, levaranse a cabo, logo de facer o cálculo do importe total da matrícula, e no caso das ensinanzas renovadas, aplicaranse ao número de créditos correspondentes á disciplina ou materias nas que obtivo a matrícula de honra.

O alumnado con matrícula de honra global en 2º curso de bacharelato ou con premio extraordinario no bacharelato terá dereito, durante o primeiro ano e por unha soa vez, á exención total do pagamento dos prezos públicos por matrícula.

Artigo 11º.-Materias sen docencia.

No caso das materias de plans de estudos con dereito a exame pero nas que non se imparte xa docencia, pagarase por crédito ou disciplina, segundo corresponda, o 25% dos prezos da tarifa ordinaria.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, trece de xullo de dous mil seis.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Tarifa primeira. Actividade docente

1.1. Ensinanzas non renovadas.

	Primeira e segunda matrícula	Terceira e sucesivas matrículas
Epígrafe A)		
Curso completo	733,98 €	
Disciplina anual dun curso de menos de 7 materias	190,83 €	238,55 €
Disciplina anual dun curso de 7 ou máis materias	126,32 €	157,89 €
Epígrafe B)		
Curso completo	518,40 €	
Disciplina anual dun curso de menos de 7 materias	132,20 €	165,24 €
Disciplina anual dun curso de 7 ou máis materias	88,12 €	110,17 €

Epígrafe A)	Epígrafe B)
Licenciado/a en farmacia	Outros estudos de ensinanzas non renovadas conducentes a títulos oficiais de primeiro e segundo ciclo, distintos dos especificados na epígrafe A)
Licenciado/a en bioloxía	
Licenciado/a en matemáticas	
Licenciado/a en ciencia e tecnoloxía dos alimentos	
Licenciado/a en física	
Licenciado/a en química	
Licenciado/a en medicina	
Licenciado/a en odontoloxía	
Licenciado/a en veterinaria	
Licenciado/a en informática	
Licenciado/a en ciencias do mar	
Licenciado/a en belas artes	
Licenciado/a en ciencias da actividade física e do deporte	
Licenciado/a en mariña civil	
Arquitecto/a	
Enxeñeiro/a	
Arquitecto/a técnico/a	
Enxeñeiro/a técnico/a	
Diplomado/a en enfermaría	
Diplomado/a en fisioterapia	
Diplomado/a en terapia ocupacional	
Diplomado/a en informática	
Diplomado/a en óptica e optometría	
Diplomado/a en mariña civil	

1.2. Ensinanzas renovadas (prezo dun crédito).

	Primeira e segunda matrícula	Terceira e sucesivas matrículas
Epígrafe A)	12,23 €	15,29 €
Epígrafe B)	8,64 €	10,80 €

Epígrafe A)	Epígrafe B)
Licenciado/a en farmacia	Outros estudos de ensinanzas renovadas conducentes a títulos oficiais de primeiro e segundo ciclo, distintos dos especificados na epígrafe A)
Licenciado/a en bioloxía	
Licenciado/a en matemáticas	
Licenciado/a en ciencia e tecnoloxía dos alimentos	
Licenciado/a en física	
Licenciado/a en química	
Licenciado/a en medicina	
Licenciado/a en odontoloxía	
Licenciado/a en veterinaria	
Licenciado/a en ciencias do mar	
Licenciado/a en belas artes	
Licenciado/a en comunicación audiovisual	
Licenciado/a en ciencias da actividade física e do deporte	
Licenciado/a en máquinas navais	
Licenciado/a en náutica e transporte marítimo	
Arquitecto/a	
Enxeñeiro/a	
Arquitecto/a técnico/a	
Enxeñeiro/a técnico/a	
Diplomado/a en enfermaría	
Diplomado/a en fisioterapia	
Diplomado/a en podoloxía	
Diplomado/a en logopedia	
Diplomado/a en terapia ocupacional	
Diplomado/a en óptica e optometría	
Diplomado/a en máquinas navais	
Diplomado/a en navegación marítima	

Tarifa primeira. Actividade docente

1. Estudos conducentes ao título de doutor/a	
Estudos conducentes a un título de doutor/a con denominación correspondente a un dos títulos especificados na epígrafe A)	45,93 €/crédito
Estudos conducentes a un título de doutor/a con denominación correspondente a un dos títulos especificados na epígrafe B)	32,41 €/crédito
Titoría anual de doutoramento	177,00 €
2. Estudos conducentes ao título de máster oficial	
Estudos conducentes a un título de máster con denominación correspondente a un dos títulos especificados na epígrafe A)	26,15 €/crédito
Estudos conducentes a un título de máster con denominación correspondente a un dos títulos especificados na epígrafe B)	17,77 €/crédito
3. Estudos de especialidades	
Estudos de especialidades médicas que non precisen formación hospitalaria do parágrafo 3º do anexo do Real decreto 127/1984, do 11 de xaneiro, en unidades docentes acreditadas	29,69 €/crédito
Estudos de especialidades en enfermaría en unidades docentes acreditadas, consideradas no Real decreto 992/1987, do 3 de xullo	7,58 €/crédito
Estudos das especialidades de farmacia, análises clínicas, en escolas profesionais recoñecidas segundo o Real decreto 2708/1982, do 15 de outubro	29,69 €/crédito

Tarifa segunda. Avaliación e probas

1. Probas de aptitude de acceso á universidade	58,75 €
2. Certificado de aptitude pedagóxica	171,90 €
3. Curso de iniciación e orientación para maiores de 25 anos	87,66 €
4. Realización de requisitos formativos complementarios para a homologación de títulos estranxeiros de educación superior:	
a) Proba de aptitude / proba de conxunto	107,53 €
b) Período de prácticas correspondentes a un dos títulos especificados na epígrafe A)	12,23 €/crédito
c) Período de prácticas correspondentes a un dos títulos especificados na epígrafe B)	8,64 €/crédito
d) Proxecto ou traballo	107,53 €
e) Cursos tutelados correspondentes a un dos títulos especificados na epígrafe A)	12,23 €/crédito
f) Cursos tutelados correspondentes a un dos títulos especificados na epígrafe B)	8,64 €/crédito
5. Proxectos fin de carreira	108,05 €
6. Exame para o grao de licenciado/a	108,05 €
7. Exame para o grao de doutor/a	108,05 €
8. Cursos e exame de reválida/tese de licenciatura nas escolas sociais	108,05 €
9. Obtención por validación do título de diplomado/a en escolas universitarias	
a) Por avaliación académica e profesional conducente á devandita validación	108,05 €
b) Por traballos exixidos para a dita validación	179,93 €
10. Homologación ao título/grao español de posgrao oficial estranxeiro (máster ou doutor/a)	103,95 €

Tarifa terceira. Títulos e secretaría

1. Expedición de títulos académicos	
a) Doutor/a	168,96 €
b) Licenciado/a, arquitecto/a ou enxeñeiro/a	113,60 €
c) Diplomado/a, arquitecto/a técnico/a ou enxeñeiro/a técnico/a	55,46 €
d) Suplemento europeo ao título	70,98 €
e) Licenciado/a, arquitecto/a ou enxeñeiro/a máis suplemento europeo ao título	123,05 €
f) Diplomado/a, arquitecto/a técnico/a ou enxeñeiro/a técnico/a máis suplemento europeo ao título	84,29 €
g) Diploma de estudos avanzados	54,60 €
h) Duplicados de títulos universitarios oficiais	25,92 €
2. Secretaría	
a) Apertura de expediente académico ao comezar os estudos	20,59 €
b) Certificacións académicas e traslados de expediente académico	20,59 €
c) Expedición e mantemento de tarxetas de identidade	4,42 €
d) Solicitud de equivalencia de estudos estranxeiros	25,00 €

Orde do 28 de xuño de 2006 pola que se resolve a do 9 de febreiro (Diario Oficial de Galicia do 16 de febreiro), de convocatoria do Programa de promoción da intensificación da actividade investigadora no sistema universitario de Galicia para o curso académico 2005-2006.

Por Orde do 9 de febreiro de 2006 (DOG do 16 de febreiro) convocáronse 10 axudas á intensificación da actividade investigadora no sistema universitario de Galicia.

Na súa virtude, de acordo co establecido artigo 9 da Orde do 26 de decembro de 2005 (DOG do 30 de decembro), pola que se establecen as bases reguladoras do programa da intensificación da actividade investigadora no sistema universitario de Galicia, e atendendo o informe-proposta elevado pola comisión avaliadora a través da Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro.-Concederlles axudas ás universidades galegas que a continuación se relacionan para a intensificación dos profesores-investigadores indicados e na contía que se indica en cada caso.

Universidade de Santiago de Compostela:

Número expediente	Solicitante	Departamento e centro	Contía concedida
2006/15	Alonso Fernández, M ^o José	Dpto. Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica. F. Farmacia.	34.000 €
2006/46	Benlliure Anaya, José	Dpto. Física de Partículas. F. Física.	34.000 €
2006/41	Botana López, Luis M.	Dpto. Farmacoloxía. F. Veterinaria. Campus Lugo.	34.000 €
2006/39	Carracedo Álvarez, Ángel	Dpto. Anatomía Patolóxica e Ciencias Forenses. F. Medicina	34.000 €
2006/19	Fanego Lema, Teresa	Dpto. Filoloxía Inglesa. F. Filoloxía.	34.000 €
2006/48	González Manteiga, Wenceslao	Dpto. Estatística e Investigación Operativa. F. Matemáticas	34.000 €
2006/47	López Quintela, Manuel A.	Dpto. Física Física. F. Química	34.000 €

Total 238.000 €

Universidade da Coruña:

Número expediente	Solicitante	Departamento e centro	Contía concedida
2006/38	Doallo Biempica, Ramón	Dpto. Electrónica e Sistemas. F. Informática.	34.000 €

Total 34.000 €

Universidade de Vigo:

Número expediente	Solicitante	Departamento e centro	Contía concedida
2006/34	Pérez González, Fernando	Dpto. Teoría do Sinal e Telecomunicacións. ETS Enxeñeiros de Telecomunicacións	34.000 €
2006/25	Rodríguez de Lera, Ángel	Dpto. Química Orgánica F. Química	34.000 €

Total 68.000 €

Segundo.-Establecer unha lista de espera cos seguintes solicitantes, ordenados por orde de prioridade:

Número expediente	Solicitante	Departamento e centro	Universidade
2006/7	Pérez Muñuzuri, Vicente	Dpto. Física da Materia Condensada F. Física	Universidade de Santiago de Compostela
2006/6	Díaz Bruguera, Javier	Dpto. de Electrónica e Computación. ETS de Enxeñería. F. Física	Universidade de Santiago de Compostela
2006/3	Riguera Vega, Ricardo	Dpto. Química Orgánica. F. Química	Universidade de Santiago de Compostela
2006/22	Gómez-Reino Carnota, C.	Dpto. Física Aplicada. F. Física	Universidade de Santiago de Compostela

Terceiro.-En cumprimento do artigo 8 da orde de bases do 26 de decembro de 2005, as solicitudes non incluídas na resolución de concesión entenderanse denegadas ou desestimadas e publicaranse na páxina web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria coa indicación expresa dos motivos de denegación, de conformidade co artigo 54 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cuarto.-O período de intensificación comezará a computarse o 1 de xaneiro de 2006 e finalizará o 31 de decembro de 2006.

Quinto.-Os pagamentos faranse de acordo co artigo 4 da orde de bases do 26 de decembro de 2005 (DOG do 30 de decembro), é dicir, mediante libramento único e directo ás universidades tras a formalización dun convenio de colaboración anual con elas para o efecto de establecer os vínculos necesarios para facer plenamente efectivos os obxectivos do programa.

Sexto.-O incumprimento por parte dos beneficiarios de calquera das bases establecidas na orde da convocatoria suporá a perda do dereito a percibir a axuda correspondente.